

GAÑADORA RELATO
1º CICLO - ESO

Cando Stephen King morreu

Todos os pais lle din aos seus fillos que os libros e as películas non son máis que mentiras, pero todo iso cambiou tras a morte de Stephen King, o maior escritor de libros de terror do mundo. E non, esta non vai ser a típica historia ambientada no 31 de outubro dun ano inventado. Así que, agarrádevos ben á cadeira, ou sofá, porque aquí comeza a verdadeira historia, a que leva agochada dende 1974.

Stephen King morreu en agosto. Atopárono rematando de escribir un libro chamado *Que pasaría se os contos se fixesen realidade*. Ninguén lle deu importancia a ese libro ata que unha semana despois, cando foron recoller as súas pertencias, viron como os personaxes máis famosos por provocar medo saían dos seus propios relatos enfadados pola morte do seu dono.

Moi pronto se estenderon pola vila e, os nenos que xogaban nas rúas agochábanse nas casas para que non os secuestraran, mais, algunhas veces, eran forzas en balde.

Eu estaba presente cando ocorreu iso pero, a diferenza doutros, eu si que vin relevante o libro que escribira Stephen King, así que dispúxenme a atopalo na casa para adiviñar como devolver a estes seres aos seus contos.

Unha vez entrei na casa cos meus amigos, distinguín rapidamente o derradeiro libro do autor. En canto o collín, recollemos tamén os que xa estaban baleiros de personaxes, metémolos na bolsa que levabamos e, para asegurarnos de que non saíran máis monstros, tomamos tamén os libros restantes.

Ao saír da casa, ollamos o libro e, o estraño era que contaba todo o que estaba a pasar agora.

A solución era que debiamos tocar a todos os seres co seu conto correspondente dicindo a súa vez o conxuro para que non saísen outra vez. Pola contra, se eles nos tocaban a nós, seríamos nós os que quedaríamos no interior do relato para sempre.

Puxémonos en marcha decidindo comezar polos máis fáciles, así que fomos primeiro polos personaxes dos libros *Cemiterio de animais*, *O resplandor* e *Doutor sono*.

Os dous primeiros foron fáciles pero, mentres buscámolo terceiro, cae a noite e, con ela, a néboa. Todo isto vólvese máis terrorífico pero non nos damos por vencido e seguimos buscando e, sen gana ningunha, metémonos no cemiterio que é o último sitio por revisar.

Unha vez estamos dentro, distinguimos unhas luces no medio da néboa e, aínda que sei que non o deberíamos facer, camiñamos ata quedar a unha boa distancia.

Pouco despois de ver aos nosos obxectivos, comezamos a loita para que perdan e, despois de varios intentos, conseguimos que volvan ao lugar ao que pertencen.

Despois disto, imos a polos últimos libros, que son os máis coñecidos: *It* e *Carrie*.

Atopar a Carrie levounos máis tempo que desfacer nos dela, pero agora chega o peor, atopar e derrotar a Pennywise.

A néboa volve a caer ás dez da noite, pero nós non encontramos ao pallaso ata a unha da mañá. Xusto cando o vemos, observamos que ten unha camada de rapaces secuestrados, así que todos nos imos acercando a el mentres está entretido, máis chamamos tanto a atención que nos acaba por ver.

Aínda que nós comezamos a correr antes, el corre tan rápido que logo nos pilla.

Cando está a punto de tocarme, xirome co libro na mans e cos ollos pechados á vez.

En canto os abro, vexo que o libro o está absorvendo, así que comezamos a recitar o conxuro e facemos que todo volva á normalidade.

E así foi como Stephen King se despediu de nós.

It

Carrie

S.K